

# **NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMIENTO**

## INTRODUCCIÓN

Este documento pretende recoller as normas de organización e funcionamento do noso centro, pero entendémolo como un documento en constante revisión onde iremos incluíndo as modificacións que creamos oportunas ano tras ano. Neste apartado imos a incluír tamén o Plan de convivencia escolar.

A Comunidade Escolar do CRA de Teo é un núcleo de convivencia e traballo educativo, integrado por todos os/as que participan na tarefa docente: profesorado, alumnado, pais e nais. O presente Regulamento establece a regulación da vida académica no noso colexio, así como a relación cos distintos elementos que compoñen a Comunidade Educativa.

As ensinanzas impartidas no Centro axustaranse ás disposicións xerais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, así como ao presente Regulamento de Réxime Interior.

Estas ensinanzas irán encamiñadas a levar ao noso alumnado a unha formación humana integral na súa dobre dimensión persoal e social, adaptada no posible ás capacidades e aptitudes de cada un deles e delas, desenvolvendo a súa personalidade, dentro dun clima de convivencia e liberdades fundamentais, completada nos seguintes aspectos:

- Desenvolvemento das súas capacidades intelectuais e creativas, fomentando hábitos de estudio e traballo persoal.
- Desenvolvemento das súas capacidades físicas e adquisición de capacidades psicomotrices, fomentando hábitos de orde, limpeza, deportividade...
- Desenvolvemento de actitudes para a convivencia, fomentando hábitos de cooperación e respecto mutuo.
- Desenvolvemento de actitudes de respecto, conservación e mellora do medio ambiente.

Pretendemos, coa colaboración de tódalas partes implicadas, acadar un marco de convivencia e autoresponsabilidade, de xeito que faga innecesario a adopción de medidas disciplinarias. De todos os xeitos, cando estas sexan inevitables, as correccións deberán ter un carácter educativo e contribuír ao proceso xeral de formación e recuperación do alumno e/ou alumna.

Este documento pretende ser un reflexo de como cremos que debe funcionar o noso centro, establecendo as bases de participación, colaboración e funcionamento dos membros da comunidade educativa.

### **ORGANIZACIÓN INTERNA**

A organización interna do noso centro pode ser un pouco delicada a tratar, pois como tod@s sabemos aínda que oficialmente somos un só centro, "oficiosamente" somos cinco e debemos intentar respectar as liberdades individuais de cada escola sen esquecer que todas navegan cara uns obxectivos e fins comúns, pois de outra forma o CRA non tería sentido.

Ó longo do PEC vimos tódolos órganos de coordinación docente que existen no centro, os cales son os encargados de velar por unha actuación conxunta e coordinada en tódolos aspectos do centro. Pero ademais debido a nosa especial idiosincrasia é preciso determinar algúns aspectos que só atañen aos titores de cada escola e que presentamos a continuación:

#### **AS NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO**

A formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais é un dos obxectivos primordiais que debe perseguir a educación. O obxectivo último que debe perseguirse é conseguir un marco de convivencia e autoresponsabilidade que faga innecesaria a adopción de medidas disciplinarias. Mais cando estas sexan necesarias, as correccións deben ter un carácter educativo, e contribuír ó proceso xeral de formación e recuperación do alumno.

Para facer posible isto, recollemos os dereitos e os deberes do alumnado e tamén do profesorado.

## 1. DEREITOS DOS ALUMNOS

- Os alumnos teñen dereito a recibir unha formación que asegure o pleno desenvolvemento da súa personalidade.
- Os alumnos teñen dereito a que o seu rendemento sexa avaliado con obxectividade.
- Co fin de garantir a función formativa os titores manterán unha relación fluída cos alumnos e cas súas familias.
- Os alumnos, ou os seus pais/nais, poderán reclamar explicacións contra as decisións e cualificacións obtidas nas avaliacións.
- Tódolos alumnos teñen dereito a que se respecte a súa integridade física e moral, e a súa dignidade persoal, non podendo ser obxecto de tratos vexatorios ou degradantes.
- Os alumnos teñen dereito a participar no funcionamento e actividades organizadas polo colexio, de acordo coa súa idade e capacidade.
- Os alumnos teñen dereito á liberdade de expresión, respectando os dereitos de tódolos membros da comunidade escolar

## 2. DEBERES DOS ALUMNOS

- Os alumnos teñen a obriga de asistir a clase con puntualidade e participar nas actividades orientadas o desenrolo dos plans de estudio.
- Deben cumprir e respectar os horarios das actividades do colexio.
- Seguir as orientacións dos profesores, e amosárllelo debido respecto e consideración.

- Respetar o dereito ó estudio dos seus compañeiros, e a dignidade, integridade e intimidade de tódolos membros do centro.
- Deben coidar e utilizar correctamente os mobles e instalacións do colexio, e os enseres doutros membros da comunidade educativa.
- Teñen o deber de participar na vida e funcionamento do centro.
- Respetar e coidar aos seus compañeiros/as independentemente de cal sexa a súa raza, sexo, relixión...
- Axudar e non discriminar a aqueles compañeiros/as que teñan calquera deficiencia sexa física ou psíquica, ou que por calquera motivo pareza débil ou presente retraso en comparación con nós mesmos.

### 3. CONDUCTAS CONTRARIAS ÁS NORMAS DE CONVIVENCIA.

Os alumnos/as que causen dano de forma intencionada nas instalacións do colexio, ou no seu material, quedan obrigados a reparalo, e a facerse cargo do custo económico da súa reparación, ou renovación. Os pais e nais ou titores serán responsables destes feitos.

A efecto de gradación das correccións, considéranse circunstancias positivas:

- Recoñecemento espontáneo da súa conduta
- A falla de intencionalidade

Circunstancias negativas son:

- Premeditación e repetición
- Causar dano ou ofensa a compañeiros/as pequenos ou con discapacidade física ou psíquica.
- Discriminar aos seus compañeiros/as pola súa raza, sexo ou relixión provocando nos mesmos un sentimento de acoso escolar.

Poderán corrixirse os actos contrarios ás normas de convivencia do centro realizados polos alumnos no recinto escolar, ou durante a realización de actividades complementarias ou extraescolares. Igualmente poderán corrixirse aquelas actuacións do alumno/a que, aínda realizadas fóra do recinto escolar teñan relación coa vida escolar ou afecten a membros da comunidade educativa.

As condutas contrarias ás normas de convivencia poderán ser corrixidas con:

- a) Amoestación privada ou por escrito.
- b) Suspensión do dereito a asistencia parcial ou total a unha determinada materia, durante unha ou máis sesións, se o seu comportamento inadecuado permanece, quedando co seu titor/a ou con outro mestre do centro.
- c) Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro, ou dirixidas a reparar o dano causado nas instalacións, materiais ou pertenzas doutros membros da comunidade educativa.
- d) Suspensión do dereito a participar nas actividades complementarias ou extraescolares.
- e) Suspensión do dereito de asistencia a clase de ata tres días lectivos.

Serán competentes para decidir as correccións citadas anteriormente:

- Os profesores do alumno as correccións a, b, c, d, e
- Director, oído o titor e o alumno, as correccións b, c, d, e.
- Consello Escolar, oído o alumno, se ben poderá encomendar ó director esta decisión. O director oirá ao titor, e aos pais do alumno, nunha reunión da que se levantará acta e a que asistirá o secretario do Consello Escolar.

Os pais do alumno poderán presentar reclamación contra as correccións impostas, correspondentes nun prazo de 48 horas, ante o Delegado Provincial.

#### 4. CONDUCTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS

É necesario a tramitación dun expediente, polo director, para aplicar correccións ás condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no centro.

Considéranse condutas gravemente prexudiciais as seguintes:

- a. Actos de indisciplina, inxuria ou ofensas graves contra os membros da comunidade educativa.
- b. Reiteración nun mesmo curso de condutas contrarias á convivencia no colexio.
- c. Agresión grave, física ou moral contra os demais membros da comunidade educativa.
- d. Suplantación de personalidade ou falsificación ou sustracción de documentación académica.
- e. Danos graves causados polo uso indebido e intencionado do material e instalacións do centro, ou dos membros da comunidade educativa.
- f. Actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do colexio.
- h. Incumprimento das sancións impostas.

As condutas citadas no punto anterior corríxiranse con:

- a. Realización de tarefas que contribúan á mellora das actividades do centro, e a reparar os danos causados. Estas tarefas realizaranse fora do horario lectivo.
- b. Suspensión do dereito a participar nas actividades complementarias e extraescolares.

- c. Suspensión do dereito de asistencia ó centro, entre tres días lectivos e un mes.
- A instrución do expediente levaraa un profesor, designado polo director, e comunicarase dito feito aos pais do alumno.
  - O director/a pode adoptar as medidas provisionais que estime oportuno, comunicándoas ao Consello Escolar.
  - A instrución do expediente debe acordarse nun prazo non superior aos dez días, desde que se tivo coñecemento dos feitos.
  - Instruído o expediente escoitarase aos pais do alumno e resolverase nun prazo máximo de sete días.
  - Dos feitos terase informado á Inspección.
  - Contra a resolución do Consello Escolar os pais poden interpoñer recurso ante a Delegación Provincial.

## 5. DEBERES E DEREITOS DO PROFESORADO.

- O profesorado (funcionario, sustituto ou interino) ten os dereitos e deberes que establecen e desenvolven as Leis, Decretos, Ordes, Resolucións e demais disposicións legais vixentes. Así mesmo o profesorado ven obrigado ó cumprimento de cantos acordos tomen, no ámbito das súas competencias, o Consello Escolar, o Claustro de Profesores, os equipos docentes e o Equipo Directivo.
- Non obstante, pola súa incidencia na actividade diaria do centro e pola súa relación cos Dereitos e Deberes propios de outros estamentos da Comunidade Educativa, facemos destacar de entre os dereitos e deberes que asisten ó profesorado, os seguintes:
  - Formar parte do Claustro e asistir ás reunións do mesmo.
  - Considerar confidenciais todos aqueles asuntos, resolucións, conversacións,... mantidas tanto nas reunións de claustro coma



de consello escolar, entendendo que non deben ser comunicadas baixo ningún concepto e de ningunha maneira ( oral, telefónica, a través das redes sociais,...), salvo autorización do equipo directivo.

- Participar activamente na organización do centro a través dos órganos correspondentes.
- Participar nas actividades que se establezan na Programación Xeral Anual.
- Participar cos demais compoñentes do seu ciclo nas planificacións que correspondan ( documentación do centro)
- Facer as súas programacións de aula ( nas distintas áreas que imparta.)
- Participar en actividades de Perfeccionamento e Reciclaxe co fin de estar actualizado en todo momento.
- Convocar entrevistas cos PAIS/NAIS de alumnos/as dentro do horario previsto para isto.
- Crear un ambiente dentro da aula de axuda, colaboración e respecto cara os demais compañeiros, creando o principio de igualdade entre todos/as independentemente de cal sexa a cor da nosa pel ou se somos nenos ou nenas.
- Controlar a asistencia do seus alumnos/as a clase e evitar o absentismo escolar na medida do posible.
- Velar polo coidado das instalacións e recursos que hai nelas, especialmente recursos de gran valor económico como os ordenadores portátiles, pizarras dixitais, canóns... Este deber incumbe tanto aos titores/as como aos especialistas, a estes últimos en particular no caso de apertura e peche das escolas.

- Todo o material do centro ten que estar dispoñible para calquera docente, pero sobre todo para o alumnado, especialmente no caso dos ordenadores portátiles, xa que os tutores/as teñen que comprometerse a que permanezan nas aulas tódalas horas lectivas.
- Controlar o acceso dos seus alumnos a calquera dependencia del centro a fin de evitar responsabilidades.
- En caso de calquera accidente en horario lectivo o equipo directivo debe estar informado, e en caso de accidente grave o protocolo a seguir será o seguinte:
  - 1º Chamar ao 112 ou o 061 (xeralmente a conversación e gravada, e de non ser así pedir que o sexa) e comunicarlle ao médico/a a gravidade do caso e seguir as súas instrucións.
  - 2º Avisar ao equipo directivo así coma ao pai/nai ou titor legal do neno/a.
  - 3º Agardar a chegada dos pais/nais e/ou da ambulancia para o traslado do rapaz/a.
- Velar porque en todo momento as dependencias usadas polo grupo de alumnos/as ao seu cargo queden en estado de orden e aseo, non permitindo a estancia de alumnos/as en aulas ou departamentos exentos de vixilancia.
- Cooperar na Educación de tódolos alumnos/as aínda que non correspondan á súa titoría.
- Asistir puntualmente ás súas clases e xustificar as ausencias ante a dirección do centro. O horario do centro é de 9:30 a 14:30. Tamén temos dúas horas pola tarde os martes de 16:30 a 18:30 adicados as xuntanzas do profesorado e posteriores titorías.

- O equipo directivo deberá estar informado en todo momento de calquera feito *especial* que suceda nas escolas, incluíndo aquí as visitas de calquera persoa externa ao centro, calquera feito destacable que suceda dentro do horario lectivo, desperfectos nos elementos das escolas ou actividades complementarias que se realicen dentro do horario lectivo fóra do recinto escolar.
- Os titores/as e maestr@s especialistas deben respectar a lingua vehicular do centro e usala segundo establece a lexislación vixente.
- Nas horas de garda tanto titores como especialistas deben permanecer ben nas escolas unitarias ou ben na sede, e sempre estar localizables por si xurde algún imprevisto de última hora.
- Acórdase en claustro que debido ás características do noso centro os mestres titores substituirán aos especialistas en caso de falta dos mesmos, e os mestres/as especialistas substituirán aos titores/as pola mesma razón seguindo un calendario de substitucións o máis equitativo posible.

## 6.- MEMBROS DO CONSELLO ESCOLAR

Queremos deixar de manifesto o seguinte punto sobre os membros do consello escolar:

- Considerar confidenciais todos aqueles asuntos, resolucións, conversacións... mantidas nas reunións do consello escolar, entendendo que non deben ser comunicadas baixo ningún concepto e de ningunha maneira ( oral, telefónica, a través das redes sociais,...), salvo autorización da presidenta do Consello Escolar.

## 7.- DEBERES E DEREITOS DOS PAIS/NAIS

Os pais ou titores, en relación coa educación dos seus fillos teñen os seguintes dereitos:

- a) A que reciban unha educación, coa máxima garantía de calidade, conforme os fins establecidos na Constitución, no correspondente Estatuto de autonomía e nas leis educativas.
- b) A escoller centro docente tanto público como distinto dos creados polos poderes públicos.
- c) A que reciban a formación relixiosa e moral que estea de acordo coas súas propias conviccións.
- d) A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socio-educativa dos seus fillos.
- e) A participar no proceso de ensino e aprendizaxe dos seus fillos.
- f) A participar na organización, funcionamento, goberno e avaliación do centro educativo, nos termos establecidos nas leis.
- g) A ser oídos naquelas decisións que afecten a orientación académica e profesional dos seus fillos.

Así mesmo, como primeiros responsables da educación dos seus fillos correspóndelles:

- a) Adoptar as medidas necesarias, ou solicitar a axuda correspondente en caso de dificultade, para que os seus fillos cursen as ensinanzas obrigatorias e asistan regularmente a clase.
- b) Proporcionar, na medida das súas dispoñibilidades, os recursos e as condicións necesarias para o progreso escolar.
- c) Estimularlos para que leven a cabo as actividades de estudo que se lles encomenden.

- d) Participar de maneira activa nas actividades que se establezan en virtude dos compromisos educativos que os centros establezan coas familias, para mellorar o rendemento dos seus fillos.
- e) Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración cos profesores e os centros.
- f) Respetar e facer respetar as normas establecidas polo centro, a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado.
- g) Fomentar o respecto por todos os compoñentes da comunidade educativa, creando un ambiente de igualdade entre todos sen mirar raza , relixión nin sexo, nin condición física ou psíquica.

## 7.- PLAN DE CONVIVENCIA ESCOLAR

O noso Plan de convivencia escolar xirará ó redor de 3 palabras clave:

- a) **Disciplina Preventiva:** Como evitar os conflitos. Para que nas nosas escolas haxa harmonía requírese que todo o profesorado sexa responsable cada un na súa escola. A falta de disciplina escolar produce un gran número de insatisfaccións profesionais, impide o normal desenvolvemento das clases, xera malestar e pode se-la orixe de depresións e enfermidades no profesorado. A nosa autoridade está en mínimos e , por iso, debemos estar sempre no noso sitio, sentirnos membros do Claustro, colaborar co centro para fomenta-la convivencia e coordinarse nas actuacións a pesar de estar en escolas diferentes, e estar dispostos a analizar calquera situación que poida orixinar conflitos.
- b) **Disciplina positiva:** modelo. Os alumnos precisan un modelo que lle ofrezca pautas que imitar. O profesor/a debe ser unha persoa aberta e sensible que se faga entender polos alumnos/as.

c) **Disciplina democrática:** normativa interna.

- Regulamento de réxime interno

- Cando se produza un acto de indisciplina que a xuízo do claustro debe dar lugar a algún tipo de acción interna, procederase da seguinte forma:

- Envío á familia do alumno dunha notificación escrita do feito que preocupa, da que o profesor/a gardará copia.
- A Directora, se procede, entrevistárase coa familia do alumno/a na que se é preciso estará o profesor/a afectado.
- De producirse un novo incidente disciplinario elevarase o caso ao Consello escolar, para a adopción das medidas disciplinarias correspondentes.

## 8.- O PAPEL DAS FAMILIAS.

A Comunidade Educativa é o lugar idóneo para o desenvolvemento da pedagogía, da participación en liberdade, e sobre todo nun contorno rural como o noso, onde a comunicación docente-familias é diaria e permite unha relación fluída. Ademais por estar dentro dun medio destas características é esencial que os nenos/as coñezan ben o seu contorno e potencien recursos dos que dispoñen, o cal lle debemos facilitar dende o CRA en colaboración coas demais institucións da zoa.

Para potenciar a participación de todos/as, no CRA de Teo atenderemos, entre outros, aos seguintes aspectos:

- A) Destacar a participación dos membros do Consello Escolar como representantes lexítimos dos distintos sectores da Comunidade Educativa do Centro.

- B) Propiciar a comunicación, cos pais/nais dos alumnos/as co fin de facelos partícipes das necesidades e intereses do Centro de modo que cheguen a asimilar normas de organización establecidas na escola.
- C) Implicación das familias dentro das escolas en actividades como contar contos, visitas a lugares de interese da zoa, charlas sobre diferentes temas relacionados coas temáticas a traballar, etc.
- D) Establecer e manter relacións de diálogo, coordinación e participación coa ANPA.
- E) Facilitar o bo uso das instalacións das distintas escolas para a realización de diferentes actividades organizadas pola ANPA ou o Concello.
- F) Favorecer a relación coas institucións. Concello, Xunta, Asociación de veciños, ANPA.
- G) Establecer canles fluídas de comunicación cos demais centros educativos da zoa especialmente cos nosos centros adscritos, é dicir, o CEIP A Ramallosa e o CEIP A Igrexa-Calo.
- H) Levar a cabo proxectos en conxunto coas corporacións locais, colaborando e participando nas actividades propostas por estas.
- I) Levar a cabo actividades complementarias e extraescolares que se centren no coñecemento do contorno próximo.